



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FACENDA E A ENTIDADE DE CRÉDITO BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA S.A. POLO QUE SE ESTABLECEN AS CONDICIÓN XERAIS DE PRESENTACIÓN TELEMÁTICA DE AVAIS ANTE A CAIXA XERAL DE DEPÓSITOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018.

REUNIDOS

Dunha parte, Valeriano Martínez García, actuando en nome e representación da Consellería de Facenda, na súa calidade de conselleiro de Facenda, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro e das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia..

Doutra parte, **María Asunción Alvarez Puerta**, actuando como Directora Regional Noroeste de Banca de Empresas y Corporaciones, en nome e representación da entidade de crédito Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A., con CIF A48265169, oficina de Instituciones Noroeste, situada en calle Cantón Pequeño, número 18-21, en A Coruña, en virtude dos poderes otorgados por el notario Rodrigo Tena Arregui de Madrid, de fecha 28 de abril de 2017, escritura número 2017//99, para asinar convenios en nome e representación da entidade de crédito.

MANIFESTAN

I. O Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda, establece que a Subdirección Xeral do Tesouro da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, encárgase, entre outros asuntos, da recepción, custodia e devolución dos depósitos e fianzas que se constitúen nos servizos centrais da Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia. Todo iso exclusivamente respecto de aqueles depósitos e garantías nos que a Comunidade Autónoma resulte garantida ou ben aqueles outros nos que o garantido resulte ser un terceiro fronte á Administración da Comunidade Autónoma. Tamén se depositarán todos aqueles depósitos e fianzas que por calquera motivo deban constituírse a favor ou a disposición dos organismos autónomos, das universidades



públicas, entes de dereito público, sociedades públicas e demais entes públicos dependentes ou vinculados á Comunidade Autónoma de Galicia.

II. Na actualidade, para constituir unha garantía ou depósito, debe efectuarse de xeito presencial nas dependencias da Caixa Xeral de Depósitos, ben nos servizos centrais ou ben nas delegacións da Axencia Tributaria de Galicia habilitadas para o exercizo das funcións que corresponden á Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do seu ámbito territorial de competencias.

Para axilizar este procedemento, subscríbese este convenio de colaboración. Non obstante o interesado si o estima axeitado, poderá non utilizar este procedemento e realizar a presentación da garantía ou depósito de xeito presencial ante as dependencias da Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia.

III. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas indica no seu artigo 12.1 que as Administracións Públicas deberán garantir que os interesados poidan relacionarse coa Administración a través de medios electrónicos, para o que porán á súa disposición as canles de acceso que sexan necesarias así como os sistemas e aplicacións que en cada caso se determinen.

Por outra banda, a citada lei establece no seu artigo 14 que en todo caso as persoas xurídicas estarán obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo.

IV. En base ao anterior e dada a experiencia neste ámbito coas sociedades de garantía recíproca, cómpre estender este procedemento ás entidades de crédito, de acordo co establecido na Orde do 23 de maio de 2008 da Consellería de Facenda pola que se regulan as condicións xerais da presentación telemática de avais polas entidades de crédito e sociedades de garantía recíproca, así como a súa devolución, empregando medios electrónicos.

Por todo o exposto, ambas as dúas partes acordan subscribir este convenio en base ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira: Obxecto.



Este convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Xunta de Galicia e a entidade de crédito Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A. (en adiante BBVA) para dar cumprimento ao disposto no artigo 1.2 da Orde do 23 de maio de 2008 da Consellería de Facenda, pola que se regulan as condicións xerais da presentación telemática de avais ante a Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda: Ámbito de aplicación obxectivo

O presente convenio será de aplicación aos avais outorgados pola entidade BBVA en procedementos suxeitos á lexislación vixente en materia de contratos do sector público, así como noutros procedementos regulados por calquera outra norma na que o documento de aval se axuste ao modelo que se recolle na Orde do 7 de xaneiro de 2000, pola que se desenvolve o R.D. 161/1997, do 7 de febreiro, polo que se aproba o regulamento da Caixa Xeral de Depósitos. (BOE do 25 e 31 de xaneiro de 2000).

Non lle será de aplicación este convenio ás garantías para as que a norma que esixa a súa constitución prevea un modelo de aval que non se axusta aos anteriormente sinalados

Así mesmo, estarán excluídos deste convenio as garantías provisionais, ás que se refire a lexislación de contratos do sector público.

Terceira: Obrigas da entidade de crédito.

BBVA deberá realizar a presentación telemática a través da oficina virtual da Consellería de Facenda.

A entidade BBVA facilitarlle á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos a relación das persoas autorizadas para levar a cabo este procedemento, que serán dados de alta como usuarios rexistrados no Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) ou órgano ou entidade que asuma as súas funcións nesta materia.

Como o procedemento esixe asinar dixitalmente a presentación do documento por persoa con poder bastante, da relación de persoas citadas no parágrafo anterior, a entidade BBVA, deberá indicar as que están autorizadas para presentar avais no seu nome, e acompañar o bastanteo dos seus poderes feito por letrado da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.



O usuario que vai a asinar a presentación disporá dun certificado dixital outorgado pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre, ou de aquelas autoridades que sexan admitidas pola Consellería de Facenda.

Cuarta: Obrigas da Consellería de Facenda.

A Consellería de Facenda porá a disposición da entidade de crédito BBVA na súa páxina web, un enlace para que no catálogo de servizos acceda á aplicación da Caixa Xeral de Depósitos e ao formulario de "Constitución de Depósitos e Garantías", asegurando en todo momento o seu correcto funcionamento.

A Consellería de Facenda unha vez que reciba o acordo de cancelación do órgano da Comunidade Autónoma, organismo ou entidade do sector público autonómico a favor ou a disposición da cal se constituíu a garantía, iniciará os trámites que correspondan para a devolución e cancelación do aval.

A Consellería de Facenda previamente á súa implementación comunicará a BBVA calquera modificación que se vaia a realizar na oficina virtual e que poida afectar ao procedemento de presentación telemática de avais.

Así mesmo, a Consellería de Facenda, previamente á súa implementación na páxina web, comunicará a modificación dos modelos de avais a BBVA, para que poida facer a análise dos mesmos.

Quinta: Procedemento electrónico.

O formulario de datos "Constitución de Depósitos e Garantías", consta de cinco apartados:

No primeiro, "Datos do depósito ou garantía", debe seleccionar a clase e o motivo da súa constitución.

No apartado segundo, "Garante/ Fiador", xa aparece cuberto na súa totalidade dende o momento que accede un usuario identificado da entidade de crédito.

No terceiro "Garantido/ Garantizado" é no que se consignan os datos da persoa física ou xurídica á que se lle concede o aval.

No cuarto apartado, "Datos da garantía ou depósito", deben consignarse os datos identificativos da garantía, organismo/entidade ante o que se presente, precepto que



esixe a súa constitución, obriga ou obxecto que se garante, importe e número de inscrición no Rexistro especial de avais.

No derradeiro apartado, "Verificación da representación", faranse constar os datos do bastanteo de poderes da persoa que vai asinar a presentación telemática, así como o lugar dende o que se está a efectuar.

Cuberto o documento, válidase. Neste intre aínda se poden modificar os datos.

Comprobados os datos introducidos, ou feitas as rectificacións oportunas, xa se pode facer a presentación, para o que se requirirá a sinatura dixital do apoderado da entidade avalista.

Aos efectos da garantía e de cumprimento de prazos de que dispón o interesado, a data de constitución será a de a presentación telemática.

Dadas as expectativas de dereitos opoñibles fronte a terceiros a que pode dar lugar a presentación telemática do aval, unha vez depositado este, non se admitirá a retrocesión por parte de BBVA, debendo presentarse na Caixa Xeral de Depósitos, de ser o caso, a correspondente autorización de cancelación e devolución do órgano administrativo a disposición do cal se constituíu.

BBVA non será responsable dos fallos ou incidencias que se poidan producir na páxina web da Consellería de Facenda no momento de realizar a presentación telemática dun aval. Deste xeito BBVA, en caso de detectar calquera fallo ou incidencia, comunicarao á Consellería de Facenda a través do correo electrónico caixa.xeral.depositos@conselleriadefacenda.es

Unha vez realizada a presentación telemática do aval e a súa constitución pola entidade BBVA, a aplicación informática xerará un Resgardo de constitución da garantía (modelo 790), con efectos acreditativos. Constará de dous exemplares, de igual contido, un para o interesado e outro para presentar ante o órgano, ou entidade do sector público autonómico a cuxa disposición se constitúe a garantía.

No resgardo de constitución constará a seguinte información:

- a) Identificación da entidade avalista
- b) Identificación da persoa ou entidade garantida.
- c) Norma que impón a constitución da garantía.



- d) Órgano administrativo, ou entidade instrumental do sector público autonómico a cuxa disposición se constitúe a garantía.
- e) Obriga garantida.
- f) Importe da garantía (en cifra e letra).
- g) Data de constitución.
- h) Número de rexistro especial de avais.

Ao mesmo tempo, na Caixa Xeral de Depósitos xérase un documento de aval coas características que se recollen nos artigos 15 e 17 do R.D. 161/1997, do 7 de febreiro polo que se aproba o regulamento da Caixa Xeral de Depósitos. (BOE do 25 e 31 de xaneiro de 2000), e na Orde do 7 de xaneiro de 2000, pola que se desenvolve o R.D. 161/1997, do 7 de febreiro). Igualmente, na entidade avalista, xunto co resgardo, a aplicación informática xerará dous documentos de aval, de igual contido que o da Caixa Xeral de Depósitos, un para o interesado e outro para a entidade avalista. Este documento de aval será válido e producirá efectos dende a data de constitución de garantía e será título executable, nos termos legalmente previstos.

O resgardo de constitución de garantía (modelo 790) e o documento de aval, xerados pola aplicación informática autorizada, conterán ao pé un Código Seguro de Verificación, que permite ao órgano ou entidade do sector público autonómico a cuxa disposición se constitúe a garantía, comprobar en calquera momento a súa validez e vixencia, a través da oficina virtual da Consellería de Facenda.

Sexta: Cancelación e devolución da garantía.

Unha vez que a Caixa Xeral de Depósitos reciba o acordo de cancelación do órgano da Comunidade Autónoma, organismo ou de aquela entidade do sector público autonómico a favor ou a disposición da cal se constituíu a garantía dará de baixa a garantía nos seus arquivos e rexistros.

Completada a baixa da garantía, a Caixa Xeral de Depósitos efectuará unha comunicación por medios electrónicos á entidade avalista indicando dita actuación, de xeito que ésta poderá acceder á aplicación a través da Web da Consellería de Facenda para comprobar esta cancelación, con efectos de devolución.



Sétima: Protección de datos de carácter persoal.

De acordo co establecido no Regulamento Europeo (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consejo de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e no resto de normas da lexislación vixente nesta materia, ambas partes comprométense

a gardar a máis estricta confidencialidade respecto de calquera información, datos ou documentos de carácter persoal a que teñan acceso en virtude do presente convenio, y ao deber de gardalos sen que poidan utilizalos para usos diferentes dos previstos neste convenio e fan constar tamén, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados coa finalidade de xestionar o propio convenio. Estes datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron, así como para determinar as posibles responsabilidades que poidan derivarse do tratamento dos datos. Respecto da Consellería de Facenda será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.

O titular dos datos poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición ao seu tratamento, cando proceda de acordo coa normativa de aplicación ante:

- BBVA Segmento Instituciones, Ciudad BBVA, calle Azul, número 4 – Edificio Europa, C.P. 28050 – Madrid. Correo electrónico: avales.nacional@opplus.bbva.com

- Consellería de Facenda: Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos. Edificio administrativo San Caetano S/N C.P. 15768 Santiago de Compostela. Correo electrónico: caixa.xeral.depositos@conselleriadefacenda.es

Así mesmo, poderán dirixir as reclamacións derivadas do tratamento dos seus datos á Axencia Española de Protección de Datos (www.agpd.es).

Finalmente, os datos de contacto do Delegado de Protección de Datos son:

- Respecto a BBVA: dpogrupobbva@bbva.com

- Respecto á Consellería de Facenda: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.



Oitava: Publicación do convenio.

Este convenio será publicado de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e conforme co disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que constan neste convenio e mais no resto das especificacións que contén, sexan publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Novena: Comisión de Seguimento.

Crearase unha Comisión de Seguimento composta por dous representantes de cada unha das partes asinantes, que se reunirá a instancia de calquera de elas, co obxecto de coordinar as actividades necesarias para a execución de presente convenio, así como para interpretar calquera aspecto do seu contido.

Décima: Natureza do convenio.

O convenio de colaboración que se subscribe ten natureza administrativa, polo que esta sometido á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e demais normativa aplicable. Correspóndelle á xurisdición contencioso-administrativa o coñecemento dos litixios que del se poidan derivar.

Undécima: Duración e resolución.

Este convenio de colaboración está vixente dende o momento da súa sinatura e terá unha duración de catro anos. En calquera momento antes da finalización deste periodo de vixencia, as partes poderán acordar de xeito unánime a súa prórroga por un periodo de ata catro anos adicionais ou ben a súa extinción, o que lle manifestará á outra por escrito cunha antelación mínima de dous meses.

A extinción do convenio non afectará á validez dos avais presentados de xeito telemático, e seguirán en vigor ata que o órgano administrativo ante o que se



constituíron resolta expresamente declarar a extinción da obriga garantida e a súa cancelación, procedéndose en dito caso para a cancelación da garantía nos termos establecidos na regulación vixente da Caixa Xeral de Depósitos.

Serán causas de resolución deste convenio as previstas no artigo 51 da lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E para que así conste, para os efectos que corresponda, en proba de conformidade, ambas partes asinan este convenio de colaboración, por duplicado, no lugar e data indicados con anterioridade.

Pola Consellería de Facenda



Valeriano Martínez García

Polo Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A



María Asunción Álvarez Puerta